

2. Transcorrido este prazo sen proceder á referida adaptación, entenderase que desisten das súas anteriores peticións.

**Disposición transitoria terceira. *Autorización de entidades xa existentes.***

O procedemento de autorización das entidades constituídas antes da entrada en vigor desta lei, das que o obxecto social coincida co descrito no artigo 2 ou 3 dela, e que non se encontren comprendidas nalguna das dúas disposicións anteriores, terá as seguintes especialidades:

a) Naqueles casos en que, a xuízo da Comisión Nacional do Mercado de Valores, a entidade cumpra tódolos requisitos previstos nesta lei, a autorización implicará a inmediata inscrición no rexistro administrativo especial.

b) Cando a entidade non cumpra integramente tódolos requisitos previstos nesta lei, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá autorizar provisionalmente a súa inscrición no rexistro especial, condicionándose a inscrición definitiva á observación antes dun ano dos requisitos que expresamente determine a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

En caso contrario esa autorización será revogada e a partir da data de notificación da revogación a entidade afectada non poderá utiliza-la denominación reservada por esta lei ás entidades inscritas. Así mesmo perderá os beneficios fiscais previstos para as entidades de capital-risco de que puidese desfrutar.

**Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.***

Quedan derogados os artigos 12 a 20 do Real decreto-lei 1/1986, do 14 de marzo, de medidas administrativas, financeiras, fiscais e laborais, así como a orde ministerial do 26 de setembro de 1986, pola que se regula o acceso ó rexistro administrativo de sociedades e fondos de capital-risco.

**Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.***

A presente lei dítase de conformidade co disposto nos títulos competenciais previstos nas normas 6.<sup>a</sup> e 11.<sup>a</sup> do artigo 149.1 da Constitución.

**Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.***

No prazo dun ano desde a promulgación desta lei, o Goberno aprobará as disposicións precisas para a debida execución e cumprimento desta lei.

Así mesmo, habilitase o Goberno para actualizalo importe das sancións impositivas previstas nesta lei.

Sen prexuízo do establecido no título III do libro I do Código de comercio, facúltase o ministro de Economía e Facenda e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores para, logo do informe do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, establecer e modificar en relación coas entidades de capital-risco e as sociedades xestoras de entidades de capital-risco, as normas contables e modelos ós que deberán axustarlas súas contas anuais, as cales terán en conta o prolongado período de maduración dos investimentos que realizan as primeiras, así como os referidos ó cumprimento dos coeficientes que se establezan; para estes efectos, aquelas informacións necesarias para verificalo cumprimento de coeficientes ou calquera outra derivada da supervisión financeira, deberanse incorporar á memo-

ria das contas anuais nun punto específico. Tamén se establecerá a frecuencia e detalle con que os correspondentes datos deberán ser subministrados á Comisión ou facerse públicos con carácter xeral polas propias entidades.

**Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.***

A presente lei entrará en vigor ós tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 5 de xaneiro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**338** *LEI ORGÁNICA 1/1999, do 5 de xaneiro, de reforma da Lei orgánica 7/1981, do Estatuto de autonomía do Principado de Asturias. («BOE» 7, do 8-1-1999.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei orgánica 7/1981, do 30 de decembro, do Estatuto de autonomía para Asturias, experimentou ó longo dos seus quince anos de vixencia dúas reformas.

A primeira produciuse pola Lei orgánica 3/1991, do 13 de marzo, que substituíu o artigo 25.3; a segunda e última foi introducida pola Lei orgánica 1/1994, do 24 de marzo, que modificou os seus artigos 10, 11, 12, 13 e 18, ampliando, basicamente, o noso nivel competencial.

Transcorridos, pois, quince anos desde a promulgación do Estatuto de autonomía e tres desde a última ampliación de competencias, resulta procedente abordar novos cambios institucionais e competenciais que permitan afondar na nosa capacidade de autogoberno e alenta-la participación, procurando o desenvolvemento socioeconómico e o reequilibrio territorial do Principado de Asturias.

A estes obxectivos responde a presente reforma do Estatuto de autonomía do Principado de Asturias, amparada polo disposto no seu artigo 56 dentro do marco do artigo 147.3 da Constitución.

## Artigo único.

Introdúcense no Estatuto de autonomía para Asturias as seguintes modificacións:

1. O título «Estatuto de Autonomía para Asturias» pasa a ser «Estatuto de autonomía do Principado de Asturias».

2. Incorpórase unha nova rúbrica sistemática co nome de «Título preliminar», que agrupa os artigos 1 a 9, ambos incluídos.

3. O número 2 do artigo 1 queda redactado así:

«A Comunidade Autónoma, comunidade histórica constituída no exercicio do dereito ó autogoberno amparado pola Consitución, denomínase Principado de Asturias.»

4. O artigo 2 queda redactado así:

«1. O bable gozará de protección. Provomerase o seu uso, a súa difusión nos medios de comunicación e o seu ensino, respectando en todo caso as variantes locais e a voluntariedade na súa aprendizaxe.

2. Unha lei do Principado regulará a protección, uso e promoción do bable.»

«O Principado de Asturias ten a competencia exclusiva nas materias que se sinalan a seguir:

1. Organización, réxime e funcionamento das súas institucións de autogoberno.

2. Alteración dos termos e denominacións dos concellos comprendidos no seu territorio, así como a creación de organizacións de ámbito inferior e superior a eles, nos termos establecidos no artigo 6 deste Estatuto.

3. Ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda.

4. Obras públicas que non teñan a cualificación legal de interese xeral do Estado nin afecten outra comunidade autónoma.

5. Os ferrocarrís, estradas e camiños con itinerario desenvolvido integramente no territorio da Comunidade Autónoma, e nos mesmos termos o transporte terrestre, fluvial, por cable ou por tubo.

6. O transporte marítimo exclusivamente entre portos ou puntos da Comunidade Autónoma sen conexión con portos ou puntos doutros ámbitos territoriais.

7. Centros de contratación e terminais de carga en materia de transportes.

8. Establecemento de bolsas de valores e establecemento e regulación de centros de contratación de mercadorías, conforme a lexislación mercantil.

9. Portos de refuxio, portos, aeroportos e heliportos que non sexan de interese xeral do Estado.

10. Agricultura, gandería e industria agroalimentaria, de acordo coa ordenación xeral da economía.

11. Tratamento especial das zonas de montaña.

12. Proxectos, construción e explotación dos aproveitamentos hidráulicos, incluídos os hidroeléctricos, canles e sistemas de rega de interese para a rexión. Augas minerais e termais. Augas subterráneas cando discorran integramente polo ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

Ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran integramente polo ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

13. Pesca en augas interiores, fluviais e lacustres, marisqueo, acuicultura, alguicultura, así como o desenvolvemento de calquera outra forma de cultivo industrial. Caza. Protección dos ecosistemas nos que se desenvolven as ditas actividades.

14. Comercio interior, sen prexuízo da política xeral de prezos, da libre circulación de bens no territorio do Estado e da lexislación sobre defensa da competencia. Feiras e mercados interiores. Denominación de orixe, en colaboración co Estado.

15. Planificación da actividade económica e fomento do desenvolvemento económico da Comunidade Autónoma dentro dos obxectivos marcados pola política económica xeral. Creación e xestión dun sector público da Comunidade Autónoma.

16. Artesanía.

17. Museos, arquivos, bibliotecas, hemerotecas, servicios de Belas Artes e demais centros de depósito cultural ou coleccións de natureza análoga e conservatorios de música de interese do Principado de Asturias, que non sexan de titularidade estatal.

18. Patrimonio cultural, histórico, arqueolóxico, incluída a arqueoloxía industrial, monumental, arquitectónico, científico e artístico de interese para o Principado de Asturias.

19. Investigación, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.15.<sup>a</sup> da Constitución. Academias con domicilio social no Principado de Asturias.

20. Cultura, con especial atención á promoción das súas manifestacións autóctonas e ó ensino da cultura asturiana, todo isto sen prexuízo do disposto no artigo 149.2 da Constitución.

21. Fomento e protección do bable nas súas diversas variantes, que, como modalidades lingüísticas, se utilizan no territorio do Principado de Asturias.

22. Turismo.

23. Deporte e lecer.

24. Asistencia e benestar social. Desenvolvemento comunitario. Actuación de reinserción social.

25. Protección e tutela de menores, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.6.<sup>a</sup> e 8.<sup>a</sup> da Constitución.

26. Casinos, xogos e apostas con exclusión das apostas mutuas deportivo-benéficas.

27. Cooperativas e entidades asimilables, mutuas non integradas no sistema de Seguridade Social, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.6.<sup>a</sup> da Constitución.

28. Espectáculos públicos.

29. Estatísticas para os fins da Comunidade Autónoma, en coordinación coa xeral do Estado e coa das demais comunidades autónomas.

30. Fundacións que desenvolvan principalmente as súas actividades no Principado de Asturias.

31. Industria, sen prexuízo do que determinen as disposicións do Estado no exercicio das súas competencias por razóns de seguridade, sanitarias ou de interese militar e as relacionadas coas industrias que estean suxeitas á lexislación de minas, hidrocarburos e enerxía nuclear. O exercicio da competencia realizarase de acordo coas bases e a ordenación da actividade económica xeral e a política monetaria do Estado, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e 149.1.11.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup> da Constitución.

33. Procedemento administrativo derivado das especialidades do dereito substantivo e da organización propia da Comunidade Autónoma.

34. Publicidade, sen prexuízo das normas dadas polo Estado para sectores e medios específicos, de acordo co artigo 149.1.1.<sup>a</sup>, 6.<sup>a</sup> e 8.<sup>a</sup> da Consitución.

35. Servicio meteorolóxico da Comunidade Autónoma.

36. Caixas de aforro e institucións de crédito cooperativo público e territorial, no marco da ordenación xeral da economía e de acordo coas disposicións que en uso das súas facultades dicte o Estado.»

O artigo 11 queda redactado así:

«No marco da lexislación básica do Estado e, se for o caso, nos termos que ela estableza, corresponde ó Principado de Asturias o desenvolvemento lexislativo e a execución nas seguintes materias:

1. Montes, aproveitamentos e servicios forestais, vías pecuarias, pastos e espazos naturais proxectos.
2. Sanidade e hixiene.
3. Coordinación hospitalaria en xeral, incluída a da Seguridade Social.
4. Ordenación farmacéutica.
5. Protección do ambiente, incluídos os vertidos industriais e contaminantes en ríos, lagos e augas interiores e normas adicionais de protección do ambiente.
6. Réxime mineiro e enerxético.
7. Ordenación do sector pesqueiro.
8. Defensa do consumidor e do usuario, de acordo coas bases e a ordenación da actividade económica xeral e a política monetaria do Estado, as bases e a coordinación xeral da sanidade, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e nos números 11, 13 e 16 do número 1 do artigo 149 da Constitución.
9. Corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais. Exercicio das profesións tituladas.
10. Réxime local.
11. Sistema de consultas populares no ámbito do Principado de Asturias, de conformidade co que dispoña a lei a que se refire o artigo 92.3 da Constitución e demais leis do Estado, correspondendo a este a autorización da súa convocatoria.»

8. O artigo 12 queda redactado do seguinte modo:

«Corresponde ó Principado de Asturias a execución da lexislación do Estado, nos termos que nela se establezan, sobre as seguintes materias:

1. Execución, dentro do seu ámbito territorial, dos tratados internacionais no que afectan as materias propias das competencias do Principado de Asturias.
2. Asociacións.
3. Feiras internacionais.
4. Xestión das prestacións e servicios sociais do sistema de Seguridade Social. INSERSO. A determinación das prestacións do sistema, os requisitos para establece-las condicións do beneficiario e o financiamento efectuarase conforme as normas establecidas polo Estado no exercicio das súas competencias de conformidade co disposto no número 17 do número 1 do artigo 149 da Constitución.
5. Museos, arquivos, bibliotecas, hemerotecas e coleccións de natureza análoga de titularidade estatal a xestión dos cales non reserve para si a Administración do Estado. Os termos da xestión serán fixados mediante convenios.
6. Pesos e medidas. Contraste de metais.
7. Plans establecidos polo Estado para a implantación ou reestructuración de sectores económicos.
8. Productos farmacéuticos.
9. Propiedade intelectual e industrial.
10. Laboral. De conformidade co punto 7 do número 1 do artigo 149 da Constitución, corresponde ó Estado a competencia sobre a lexislación

laboral e a alta inspección. Fican reservadas ó Estado tódalas competencias en materia de migracións interiores e exteriores, fondos de ámbito nacional e de emprego sen prexuízo do que establezan as normas do Estado sobre estas materias.

11. Protección civil. Salvamento marítimo.

12. Portos e aeroportos e heliportos de interese xeral cando o Estado non reserve para si a súa xestión directa.

13. Xestión da asistencia sanitaria da Seguridade Social, de acordo co previsto no número 17 do número 1 do artigo 149 da Constitución, reservando para si o Estado a alta inspección condutora ó cumprimento da función a que se refire este precepto.

14. Crédito, banca e seguros, de acordo coas previsións das regras 6, 11 e 13 do número 1 do artigo 149 da Constitución.

15. Transporte de mercadorías e viaxeiros que teñan a súa orixe e destino no territorio do Principado de Asturias, sen prexuízo da execución directa que reserve para si o Estado.»

9. O artigo 13 suprímese.

10. Incorpórase un artigo 13 novo:

«De conformidade coas leis do Estado, o Consello de Goberno nomeará os notarios e rexistradores da propiedade e mercantís, así como os corredores de comercio, e participará na fixación das demarcacións correspondentes.»

11. O artigo 14 queda redactado así:

«1. A Xunta Xeral do Principado de Asturias poderá exercer-la iniciativa lexislativa prevista no artigo 87.2 da Constitución para a aprobación polo Estado das leis previstas no artigo 150.1 e 2 da Constitución.

2. En calquera caso, o Principado de Asturias poderá asumir-las demais competencias que a lexislación do Estado reserve ás comunidades autónomas.»

11 bis. Artigo 15.3:

«3. No exercicio da competencia prevista no artigo 10.1.1 do presente estatuto e de acordo coa lexislación do Estado, corresponden á Comunidade Autónoma, entre outras materias, o establecemento do réxime estatutario dos seus funcionarios, o réxime xurídico-administrativo derivado das competencias asumidas, a regulación dos bens de dominio público e patrimoniais de titularidade da Comunidade Autónoma, así como as servidumes públicas en materia da súa competencia e a regulación dos contratos e concesións administrativas no ámbito do Principado de Asturias.»

12. O artigo 16 queda redactado así:

«O Principado de Asturias impulsará a conservación e compilación do dereito consuetudinario asturiano.»

13. O artigo 17 queda redactado así:

«1. En materia de medios audiovisuais de comunicación social do Estado, o Principado de Asturias exercerá tódalas potestades e competencias que lle correspondan, nos termos e casos establecidos na lexislación básica do Estado.



2. Igualmente correspóndelle, no marco das normas básicas do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución do réxime de prensa e, en xeral, de tódolos medios de comunicación social.

3. Nos termos establecidos nos parágrafos anteriores deste artigo, a Comunidade Autónoma poderá regular, crear e mante-la súa propia televisión, radio e prensa e, en xeral, tódolos medios de comunicación social para o cumprimento dos seus fins.»

14. No artigo 18 engádesse un punto 3 novo do seguinte teor:

«No exercicio destas competencias, a Comunidade Autónoma fomentará a investigación, especialmente a referida a materias ou aspectos peculiares do Principado de Asturias, e á creación de centros universitarios na Comunidade Autónoma.»

15. No número 2 do artigo 19 substitúese «da rexión» por «da Comunidade Autónoma».

16. O artigo 20 suprímese.

17. Incorpórase un artigo 20 novo:

«1. Corresponde á Comunidade Autónoma do Principado de Asturias a vixilancia e protección dos edificios e instalacións da propia Comunidade e a coordinación das policía locais asturianas, sen prexuízo da súa dependencia das autoridades municipais.

2. Para o exercicio da competencia prevista no número anterior, a Comunidade Autónoma poderá convir co Estado a adscrición de unidades do Corpo Nacional de Policía nos termos e para o exercicio das funcións previstas na lei orgánica referida no artigo 149.1.29.<sup>a</sup> da Constitución.»

18. O número 2 do artigo 23 suprímese e o número 3 pasa, por tanto, a ser número 2.

19. No número 5 do artigo 24 substitúese «11 1.a)» por «10.1.2)»

20. O número 7 do artigo 24 queda redactado así:

«Autoriza-lo Consello de Goberno para a prestación do consentimento para se obrigar nos convenios e acordos do Principado de Asturias con outras comunidades autónomas, así como para supervisa-la súa execución. O Consello de Goberno dará conta á Xunta Xeral do resto dos convenios e acordos que obriguen o Principado.»

21. O número 10 do artigo 24 queda redactado así:

«Examinar e aproba-la conta xeral do Principado, sen prexuízo do disposto nos artigos 35 ter e 55 deste estatuto.»

22. Engádesse ó artigo 24 un número 12 novo do seguinte teor:

«Recibi-la información que lle ha remiti-lo Consello de Goberno sobre tratados e convenios internacionais en canto se refiran a materias de particular interese para o Principado de Asturias, emitindo o seu parecer sobre eles.»

23. Engádesse un artigo 24 bis novo do seguinte teor:

«1. A Xunta Xeral poderá delegar no Consello de Goberno a potestade de dictar normas con categoría de lei.

2. As disposicións do Consello de Goberno que conteñan lexislación delegada recibirán o título de decretos lexislativos.

3. Non se poderá delega-la aprobación da Lei de orzamentos nin a de normas con categoría de lei para as que este estatuto, as leis ou o Regulamento da Xunta Xeral requiran maiorías cualificadas.

4. A delegación lexislativa deberase de outorgar ó Consello de Goberno de forma expresa para materia concreta e con fixación do prazo para o seu exercicio. A delegación esgótase polo uso que dela faga o Consello de Goberno mediante a publicación da norma correspondente. Non se poderá entender concedida de modo implícito ou por tempo indeterminado. Tampouco poderá permiti-la subdelegación a autoridades distintas do propio Consello de Goberno.

5. A delegación lexislativa deberase outorgar mediante unha lei de bases cando o seu obxecto sexa a formación de textos articulados ou por unha lei ordinaria cando se trate de refundir varios textos legais nun só.

6. As leis de bases delimitarán con precisión o obxecto e alcance da delegación lexislativa e os principios e criterios que han seguirse no seu exercicio. As leis de bases non poderán en ningún caso autoriza-la súa propia modificación nin facultar para dictar normas con carácter retroactivo.

7. A autorización para refundir textos determinará o ámbito normativo a que se refire o contido da delegación, especificando se se circunscribe á mera formulación dun texto único ou se se inclúe a de regularizar, aclarar e harmoniza-los textos legais que han ser refundidos.

8. Cando unha proposición de lei ou unha emenda for contraria á delegación lexislativa en vigor, o Consello de Goberno está facultado para se opor á súa tramitación. En tal suposto, poderase presentar unha proposición de lei para a derrogação total ou parcial da lei de delegación.

9. Sen prexuízo do control xurisdiccional, o Regulamento da Xunta Xeral e as leis de delegación poderán establecer fórmulas adicionais de control.»

24. O artigo 25 queda redactado así:

«1. A Xunta Xeral é elixida por un período de catro anos mediante sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto, con aplicación dun sistema de representación proporcional.

2. Por lei do Principado, a aprobación e reforma da cal require o voto da maioría absoluta da Xunta Xeral, fixarase o número de membros, entre 35 e 45, as súas causas de inelixibilidade e incompatibilidade e as demais circunstancias do procedemento electoral.

3. O Presidente do Principado, logo de deliberación do Consello de Goberno e baixo a súa exclusiva responsabilidade, poderá acorda-la disolución da Cámara, con anticipación ó termo natural da lexislatura.

A disolución acordarase por decreto, no que se convocarán, pola súa vez, eleccións, e nel conteñanse cantos requisitos esixa a lexislación electoral aplicable.

O presidente non poderá acorda-la disolución da Cámara durante o primeiro período de sesións da lexislatura cando reste menos dun ano para a súa terminación nin cando se encontre en tramitación unha moción de censura. Tampouco poderá acorda-la disolución antes de que transcorra o prazo

- dun ano desde a última disolución por este procedemento.
- En ningún suposto poderá o presidente disolver a Cámara cando se encontre convocado un proceso electoral estatal.
- En todo caso, a nova Cámara que resulte da convocatoria electoral terá un mandato limitado polo termo natural da lexislatura orixinaria.
4. As eleccións serán convocadas polo presidente do Principado nos termos previstos na Lei de réxime electoral xeral, de xeito que se realicen no cuarto domingo de maio de cada catro anos, sen prexuízo do que dispoñan as Cortes Xerais, co fin exclusivo de coordina-lo calendario das diversas consultas electorais.
5. A Xunta Xeral será convocada polo presidente do Principado cesante, dentro dos quince días seguintes á celebración das eleccións.»
25. O número 4 do artigo 26 queda redactado así:
- «Polo exercicio do seu cargo representativo, os deputados da Xunta Xeral percibirán retribucións. As modalidades das asignacións serán fixadas consonte o que prevexa o Regulamento da Cámara.»
26. O número 1 do artigo 27 queda redactado así:
- «A Xunta Xeral reunirse anualmente en dous períodos de sesións, comprendidos entre setembro e decembro o primeiro, e entre febreiro e xuño o segundo.»
27. O número 1 do artigo 28 queda redactado así:
- «A Xunta Xeral aproba o seu orzamento e o estatuto do seu persoal, e establece o seu propio regulamento, no que se conterà, ademais, o estatuto dos seus membros. A aprobación do regulamento e a súa reforma precisarán o voto favorable da maioría absoluta.»
28. O artigo 31 queda redactado así:
- «1. A iniciativa para o exercicio da potestade lexislativa recoñecida no artigo 23 deste estatuto corresponde ós membros da Xunta Xeral e ó Consello de Goberno. Por lei do Principado regularase a iniciativa dos concellos e a iniciativa popular para as materias que sexan competencia exclusiva da Comunidade Autónoma.
2. As leis aprobadas pola Xunta Xeral serán promulgadas, en nome de El-Rei, polo presidente do Principado, que disporá a súa publicación no "Boletín Oficial del Principado de Asturias", no prazo de quince días desde a súa aprobación e no "Boletín Oficial del Estado". Os regulamentos serán publicados por orde do Presidente do Principado, dentro do mesmo prazo, no "Boletín Oficial do Principado de Asturias".»
29. O número 4 do artigo 32 queda redactado así:
- «Unha lei do Principado, aprobada polo voto favorable da maioría absoluta, determinará o estatuto persoal, o procedemento de elección e cesamento e as atribucións do presidente.»
30. O número 1 do artigo 33 queda redactado así:
- «O Consello de Goberno é o órgano colexiado que dirixe a política da Comunidade Autónoma e ó que corresponden as funcións executiva e administrativa e o exercicio da potestade regulamentaria.»
31. O número 2 do artigo 33 queda redactado así:
- «Por lei do Principado, aprobada por maioría absoluta, regularanse as atribucións do Consello de Goberno, así como o estatuto, forma de nomeamento e cesamento dos seus compoñentes.»
32. O número 3 do artigo 33 suprímese.
33. Engádese un número 4 novo ó artigo 33 do seguinte teor:
- «O Consello de Goberno será informado dos convenios e tratados internacionais que poidan afectar a materias do seu específico interese.»
34. Suprímese o número 3 do artigo 34.
35. Engádese un novo artigo 35 bis do seguinte teor:
- «1. A responsabilidade penal do presidente do Principado e dos membros do Consello de Goberno será esixible ante o Tribunal Superior de Xustiza do Principado de Asturias polos actos cometidos no territorio do Principado. Fóra deste, a responsabilidade penal será esixible ante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.
2. Ante os mesmos tribunais respectivamente será esixible a responsabilidade civil en que incorresen as ditas persoas con ocasión do exercicio dos seus cargos.»
36. Créase unha nova rúbrica sistemática do seguinte teor:
- «Título II bis. Os órganos auxiliares do Principado de Asturias.»
37. Engádese un novo artigo 35 ter dentro do novo título II bis do seguinte teor:
- «1. Créase a Sindicatura de Contas do Principado de Asturias. Por lei do Principado regularase a súa composición e funcións.
2. Dependerá directamente da Xunta Xeral do Principado e exercerá as súas funcións por delegación dela no exame e comprobación da Conta Xeral do Principado.»
38. Engádese un novo artigo 35 quater dentro do novo título II bis do seguinte teor:
- «Créase o Consello Consultivo do Principado de Asturias como superior órgano de consulta da Comunidade Autónoma. Por lei do Principado regularanse a súa composición e competencias.»
39. No artigo 36 substitúese «Asturias» por «Principado de Asturias» e substitúese «e as leis orgánicas do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial» por «e a Lei orgánica do Poder Xudicial».
40. No artigo 38 substitúese «Asturias» por «Principado de Asturias» e «nas leis orgánicas do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial» por «na Lei orgánica do Poder Xudicial».
41. O artigo 40 suprímese.
42. No número 1 do artigo 41 substitúese «as leis orgánicas do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial recoñezan ou atribúan» por «a Lei orgánica do Poder Xudicial recoñeza ou atribúa».
43. No artigo 44 engádese un número 10 bis novo do seguinte teor:
- «Calquera outro tipo de ingresos que a lexislación prevexa no marco do artigo 157 da Constitución.»

44. O número 5 do artigo 47 suprímese.  
 45. O artigo 50 queda redactado así:  
 «O Principado de Asturias promoverá os obxectivos establecidos nos artigos 129.2 e 130.1 da Constitución.»

46. Artigo 51 bis (novo).  
 O novo artigo 51 bis queda redactado do seguinte modo:

«Corresponde ó Principado de Asturias a tutela financeira das corporacións locais sen prexuízo da autonomía que lles garante o artigo 140 da Constitución e no marco do disposto nos seus artigos 142 e 149.1.18.<sup>a</sup>».

47. O artigo 53 suprímese.  
 48. O artigo 54 queda redactado así:  
 «Os actos e disposicións da Administración do Principado están sometidos ó control da xurisdición contencioso-administrativa.»

49. O artigo 55 queda redactado así:  
 «1. O control económico e orzamentario do Principado de Asturias será exercido pola Sindicatura de Contas do Principado, sen prexuízo das funcións do Tribunal de Contas do Reino.  
 2. O informe da Sindicatura de Contas do Principado será remitido á Xunta Xeral para a súa tramitación de acordo co que preveña o Regulamento da Cámara.»

«Cando a reforma deste estatuto teña unicamente por obxecto a ampliación de competencias en materias que non estean constitucionalmente reservadas ó Estado, a iniciativa será a prevista no artigo anterior e o proxecto de reforma deberá ser aprobado pola maioría absoluta dos membros da Xunta Xeral, antes da súa ulterior aprobación polas Cortes Xerais como lei orgánica.»

51. A disposición transitoria primeira suprímese.  
 52. A disposición transitoria segunda suprímese.  
 53. A disposición transitoria terceira suprímese.  
 54. No número 1 da disposición transitoria cuarta substitúese «nomearase unha comisión mixta» por «ficarán designados os vocais dunha comisión mixta».  
 55. O número 7 da disposición transitoria cuarta suprímese.  
 56. Na disposición transitoria sexta suprímese «ó Consello Rexional de Asturias, á Deputación Provincial de Oviedo».  
 57. Na disposición transitoria sétima suprímese o inciso «e ENSIDESA».  
 58. A disposición transitoria oitava suprímese.  
 59. A disposición transitoria novena suprímese.

#### Disposición derradeira única.

A presente reforma do Estatuto de autonomía do Principado de Asturias entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
 Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 5 de xaneiro de 1999.

JUAN CARLOS R.

**339** *LEI ORGÁNICA 2/1999, do 7 de xaneiro, de reforma da Lei orgánica 3/1982, do Estatuto de autonomía da Rioxa.* («BOE» 7, do 8-1-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estatuto de autonomía da Rioxa é a lei orgánica que regula a organización interna da Rioxa como comunidade autónoma, á vez que regula as relacións desta co Estado, converténdose, deste xeito, nun instrumento legal do cal nos dotamos os rioxanos, coa aprobación do resto do Estado, para o libre exercicio da defensa dos nosos dereitos como Comunidade Autónoma.

Ó longo do tempo foron aparecendo situacións e problemas que, xunto á conciencia autonómica, puxeron de manifesto a necesidade de adecuar-la capacidade do noso autogoberno, co fin de dar resposta ás demandas cidadás.

Transcorrido un proceso de afianzamento autonómico, faise preciso proceder a unha segunda reforma do Estatuto de autonomía.

Esta reforma afecta as disposicións xerais do actual estatuto, as competencias da Comunidade Autónoma recoñecidas nel, a regulación das nosas institucións, a administración autónoma, as relacións da Comunidade Autónoma con outras administracións, tanto a local como a estatal e a economía e facenda da nosa Comunidade.

Con esta modificación, A Rioxa pretende dotarse dos instrumentos legais necesarios para defende-los seus dereitos e lograr un progreso social e económico, co máximo respecto e acatamento do artigo 2 da Constitución, que declara a indisoluble unidade da Nación española e recoñece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidariedade entre todas elas.

Cómpre sinalar que, por primeira vez, o Estatuto de autonomía da Rioxa é reformado por vontade do seu propio Parlamento, é dicir, a partir dunha iniciativa nada na propia Cámara, o que fai que esta reforma reflicta a vontade do pobo rioxano.

A reforma enmárcase integramente no marco constitucional do Estado das autonomías, no que A Rioxa, como parte de España, desenvolve plenamente e en igualdade o seu autogoberno. Esta premisa aconsellou prescindir de cuestións como a participación da Comunidade Autónoma, xuntamente coas restantes, na formación da vontade do Estado, a presenza da Rioxa nas institucións europeas ou unha intervención acentuada no deseño da política xeral do Estado das autonomías, sen que isto implique renunciar a telas en conta no futuro.

#### Artigo primeiro.

Os preceptos da Lei orgánica 3/1982, do 9 de xuño, do Estatuto de autonomía da Rioxa, modificada pola Lei orgánica 3/1994, do 24 de marzo, de reforma do Estatuto, que se relacionan a seguir, quedan modificados como se indica:

##### 1. Artigo primeiro.

«1. A Rioxa, como expresión da súa identidade histórica e no exercicio do dereito ó autogoberno